

María Pilar García Negro: "É indigno que unha gran parte da obra castelana fiquese oculta"

O vindeiro 1 de abril *Nós Diario* publicará o primeiro dos 18 fascículos –de oito páxinas cada un– que conformarán o coleccionábel 'Castelao: Sempre en Galiza', coordinado pola escritora e profesora María Pilar García Negro. Unha serie de entregas da autoría de 18 persoas expertas na vida e obra do dirixente nacionalista que achegarán unha perspectiva multidisciplinar e plural sobre Castelao.

Xacobe Ferreiro 22/mar./25

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/maria-do-pilar-garcia-negro-indigno-que-gran-parte-da-obra-castelana-fiquese-oculta/20250322095640218928.html>

—A que responde o coleccionábel 'Castelao: Sempre en Galiza' que *Nós Diario* publicará baixo a súa coordinación durante todo o mes de abril?

O título non só rende tributo de admiración á obra senlleira de [Castelao](#) senón que quer sintetizar, coa súa expresión lapidaria, toda unha vida de servizo ao povo galego, tanto na representación artística canto na política, a comezar pola autoorganización, como principio basilar do nacionalismo galego, e na procura de voz propia en todas as institucións de que dependían os destinos da sociedade galega. Subtitulámolo "Unha visión integral do seu pensamento e obra", para caracterizar mesmamente como toda a súa produción e actividade responden á mesma vocación e partillan idéntica finalidade: proclamar a existencia de Galiza como nación, evidenciar as súas necesidades e problemas, dar conta da sabedoría e riqueza da cultura popular e encarecer a asunción das propias responsabilidades que temos como povo. A súa obra é, en por si, un acto autodeterminante, dun valor enorme, porque nel se aúnan de forma maxistral o artista plástico, o literato, o pensador, o creador de doutrina política, o representante público, o orador, o ensaísta... Toda unha vida, efectivamente, sempre en Galiza...

—Trátase dunha publicación conformada por 18 traballos, doutros tantos autores e autoras, que se achega a diversos aspectos da figura, da actividade e do pensamento de Castelao. Que destacaría das distintas entregas?

Todas as persoas convocadas para este coleccionábel –cuxa participación agradecemos cordialmente– teñen escrito, publicado ou traballado sobre Castelao, con amor, respecto e até paixón pola súa personalidade e obra. A colectánea ofrece un panel tematicamente variado e complementar, que tenciona reflectir o carácter dunha obra tan rica e polimorfa como a que el executou, e sempre debedora –como el propio declarou– desa vontade unitaria. É fundamental, por isto, lermos e contemplarmos Castelao en toda a súa fértil intertextualidade: o seu

pensamento, a súa comprensión human(ist)a de virtudes e vicios, o seu profundo coñecemento da nosa socioloxía, o seu cabal patriotismo galego, o seu rol político, a súa, en fin, cosmovisión... afloran non só nos textos doutrinais senón na súa obra toda. Tal evidencia obriga a establecermos un diálogo continuado no seo dela, para analizar esa solidariedade profunda que a alimenta.

—Este coleccionábel ve a luz coincidindo co 75 aniversario da morte de Castelao, unha efeméride que está a impulsar traballos e actividades sobre o intelectual e dirixente nacionalista, mais tamén actos e conmemoracións desde a esfera institucional; considera que Castelao está a ser tratado como debera polas institucións nos últimos anos?

Hai 25 anos, a Xunta declarou o 2000 (a 50 anos da morte) "Ano Castelao". No presente, o mesmo, por tanto, unha especie de "Ano Castelao bis". A primeira obriga dos poderes públicos sería avaliar o que se fixo nestes 25 anos e con que froitos e resultados. Por exemplo, en 1986 (centenario do seu nacemento), un inquérito daba conta de como era descoñecida a súa persoa e obra. Aumentou o coñecemento popular, xeral, desde aquela? É tratado debidamente no ensino obrigatorio e no universitario? Cantas edicións masivas e asequíbeis da súa obra? Canta xente pode coñecer o fundamental da súa obra artística? Que xestións se fixeron cos propietarios privados para tentar incorporar obra súa ao patrimonio público?

—A totalidade das institucións e das correntes ideolóxicas do país reclámase neste momento herdeiras e seguidoras da obra Castelao; por que cre que todo o abano político galego quere apropiarse da súa figura?

Pola enorme importancia do seu patrimonio e legado. Ora ben, hai unha retórica funeraria, que arrinca en 1984, co traslado dos seus restos mortais desde Buenos Aires, ao servizo dun segundo e definitivo enterramento. A manipulación de que é obxecto non pasa só por retallar ou omitir cuestións fundamentais do seu ideario e da súa obra, senón por falsear directamente ambos: Castelao é definidor da nación galega, investigador da súa historia, construtor do nacionalismo galego, autodeterminista, anti-imperialista, pacifista... Quen non admita isto amputa gravemente a súa figura e a función e transcendencia da súa obra. Non, por tanto, á cirurxía estética deformante, de que, por certo, el xa avisou en vida... Podémosnos perguntar: que e canto deste pensamento é asumido pola *autoanemia* actual?

—A suposta unanimidade que xera a figura de Castelao no ámbito social e institucional non se corresponde despois coas fortes diverxencias que se dan sobre a consideración da súa actividade e do seu pensamento político. Á vista dos seus textos teóricos hai espazo para a dúbida sobre o seu corpo doutrinal e, en todo caso, cales considera que son os eixos centrais do seu pensamento?

Unha das vantaxes da obra de Castelao é a súa extrema elocuencia, quer na definición da nación galega sobre bases materiais, sociais e culturais perfectamente obxectivábeis, quer na conversión da potencia en acto —a súa obra monolingüe—; na lúcida análise que realiza das dificultades de a Galiza operar politicamente baixo o peso dun españolismo de dereitas ou de esquerdas; na súa loita por conseguir a tramitación do Estatuto plebiscitado en Xuño de 1936 e boicotado dentro do mesmo goberno republicano no exilio; na súa clarividencia ao xulgar como este avance táctico sería só un punto de partida e nunca a meta definitiva do autogoberno galego; na súa defensa dunha solución confederal auténtica, en virtude da cal todos os Estados federados da República pactasen, en pé de igualdade, as competencias exercíbeis e as delegábeis; na súa rotunda afirmación de que a paz para todos os povos do mundo só podería asentarse na ruína dos estados capitalistas...

—Unha visión completa de Castelao require reparar na súa creación artística, na súa literaria e na súa actividade política. Cal considera que é o nexo común que une, articula e explica as súas diversas dimensións?

A obra artística de Castelao é dunha riqueza extraordinaria. Así mesmo, é contribuínte singular ao nacemento da prosa de ficción moderna. Todo isto debera ser coñecido e valorado como merece. O sexto edificio do Museo de Pontevedra leva o nome de Castelao. Tal nomenclatura non se corresponde co que alí, de xeito permanente e con actualización de exposicións temporais, podemos contemplar. É indigno que unha gran parte da obra castelana fiqua oculta, fóra do coñecemento do público escolar e do público en xeral. Se Castelao debe ser "de todos", como é que se impede o seu coñecemento? É lacerante dependermos dunha mentalidade sedicentemente doméstica, afeita a minusvalorar o que de valor producimos historicamente.

—O 75 aniversario de Castelao debera servir para traballar na difusión e coñecemento da súa actividade. Na súa opinión que medidas serían necesarias para avanzar na divulgación e explicación de toda a súa obra?

Precisaríase un concurso de todas as institucións públicas –de mans das iniciativas privadas e asociativas–, incluídos medios de comunicación escritos, radiais e televisivos, incluída a "Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales" (que continuamos pagando os galegos), para, mans á obra, dar a coñecer Castelao e a súa obra na máxima integridade. Unha visita virtual non debe suplantar a contemplación directa. A educación pública, a política lingüística, a económica, a cultural... terían en Castelao un viveiro de ideas, de didáctica multidisciplinar e de conciencia sobre o país de enorme valor. Todo o que non cultivar esta canteira será retórica vouga e pasadeira. Os axentes pro-Castelao, como este mesmo diario, continúan a se valeren dos seus limitados medios para supriren carencias que se agravan coa pasaxe do tempo. Castelao, en fin, ha de pasar a ser un nome ou unha estatua a un compatriota que nos significou de maneira inmellorábel.